

novas



Esta revista está subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

A CTNL asina o primeiro convenio coa DXPL

Ábrese unha nova etapa chea de posibilidades e ilusión

En xuño do vindeiro ano faremos 10 anos de existencia, e logo deste tempo a loitar para suplir con ganas e traballo a falta de medios económicos, ábrese un novo camiño para a CTNL. Estamos ante unha nova xeira que pode marcar o inicio dunha etapa chea de actividade e proxectos que se fagan realidade. É posíbel facer máis, estamos con ilusión... pero precisámoste.

Quizais non saibas que todo xurdiu dunha serie de preguntas e suxestións que a CTNL lle formulou ao Director Xeral de Política Lingüística nunha das sesións dos VI Encontros organizados polo Consello da Cultura Galega. A oportunidade continuou logo nunha conversa de café e estendeuse durante o almuerzo do mesmo día. Aínda que todo comezou alí, foi determinante a entrevista que, como consecuencia das conversas nos Encontros, mantivo unha representación da directiva da CTNL con Xesús Paulo González Moreiras, director xeral de PL.

Como resultado desa longa entrevista, a CTNL vén de asinar un convenio de colaboración coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria. O obxectivo deste acordo é desenvolver diversas actuacións en materia de normalización lingüística por unha contía total de 11.000 euros, dos que a CTNL alcanzará 2.000 €, ademais do traballo dos/as socios/as á hora de poñer en marcha as distintas iniciativas. Segundo se recolle na estipulación segunda do texto, coa sinatura deste documento comprometémonos a realizar as seguintes actuacións:

1. Un proxecto para realizar a primeira fase dun estudo sobre o perfil profesional dos técnicos/as de normalización lingüística que prestan servizos en distintas entidades e ins-

tituções galegas, coa finalidade de harmonizar as tarefas básicas que deben desenvolver, categoría laboral, proceso selectivo, temarios, etc. Esta primeira fase analizará a historia, a evolución e mais da situación actual dos servizos de normalización lingüística.

Esta sería a primeira das tres fases deseñadas para seren desenvoltas ao longo de tres anos.

2. Accións de formación continua dos/as técnicos/as de normalización lingüística mediante o desenvolvemento de cursos sobre técnicas aplicadas á normalización, á formación a través do asesoramento, deseño de programas e actividades de formación, lexislación, deseño e aplicación de ferramentas de análise sociolingüística e técnicas de dinámicas para traballo en grupo. Atendendo a estes contidos realizáranse, como mínimo, dúas actividades.

Neste apartado insírense os cursos de formación que constituían ata o de agora, o eixo central da actividade da Coordinadora. Ademais, cos novos medios materiais para o seu desenvolvemento, teremos a oportunidade de aumentar o número de cursos programados cada ano. Para isto, ademais de suxerir novas ofertas, tamén se planificou unha liña de formación na que se repitan os cursos de formación que no seu día tiveron máis demanda, para así darlle a máis xente a oportunidade de acceder a eles.

3. Edición e publicación semestral do boletín Novas CTNL. Ata o de agora o noso boletín só se difundía en formato impreso; malia isto, temos falado abondo das posibilidades que se nos presentan para mellorar a súa difusión; así como da necesidade de rendibilizar os custos. De aí que optemos por potenciar as posibilidades que ofrecen a rede e o correo electrónico

para poder distribuír a publicación dun xeito máis eficaz e económico. No entanto, mentres non dispoñemos dos medios técnicos axeitados para poñer en marcha o boletín en formato dixital, seguiremos a manter a ampla tiraxe en papel que viñamos distribuindo ata o de agora.

4. Creación dun novo sitio web da CTNL. Ademais da evolución das novas tecnoloxías nestes últimos cinco anos, as nosas necesidades como asociación tamén variaron. Cómprenos un sitio web axeitado ás nosas necesidades, máis móbil, dinámico e moderno. Despois destes anos a "ensaiar" as nosas necesidades co sitio web actual, consideramos que urxe unha renovación para dispor dun novo sitio web que nos permita maior flexibilidade na renovación dos contidos e que nos garanta unha comunicación fluída a través do correo electrónico, sen os graves "ruídos" que interfieren nas contas de correo ligadas ao vello web.

5. Colaboración na execución do Plan de Normalización Lingüística.

"A CTNL encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas no convenio, así como facilitar o persoal, infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución", remata a segunda disposición do convenio. É evidente que este acordo é unha moi boa oportunidade da CTNL para poder desenvolver proxectos que levaban durmidos dende hai anos por falta de medios económicos.

Con todo, preocupáanos non saber como implicarte nesta nova etapa. Despois de moitos anos "subsistindo" coas exiguas cantidades que nos correspondían da convocatoria de subvencións da DXPL para promover o uso do galego nas asociacións, e despois do incomodo que sentiamos cada ano por concorrermos ás anteditas axudas en igualdade de condicións que o resto das asociacións, ábrese unha nova etapa chea de posibilidades. Queres participar?

Pontevedra, 30 de abril de 2005

Conchi Conchón
Presidenta da CTNL

sumario

Páx. 2 **Nace Xarmenta, un novo pulo para a lingua propia do Bierzo Oeste**

Páx. 3 **Campaña de normalización da lingua na Administración de xustiza: a palabra da lei**
O galego, o mellor dos ingredientes

Páx. 4 **Premio artigos xornalísticos normalizadores**
Real: a realidade que precisamos

Páx. 5 **O camiño das palabras**
Chega Norma lingüística e variación

Páx. 6 **Programa provisional IX Encontros para a Normalización Lingüística**

Páx. 7 **Convenio coa Dirección Xeral de Política Lingüística**

Páx. 8 **Comunicados aos/as socios/as**
Inauguración da Sociedade Galega de Terminoloxía
Aira, asesoramento lingüístico

Coordinadora
de Traballadores e Traballadoras
de Normalización da Lingua

Asemblea ordinaria. Ano 2005

O pasado 5 de marzo celebramos na aula 5 da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela a asemblea ordinaria do ano 2005.

Coa baixa asistencia que, por desgraza, xa se está convertendo en rotineira, entre 15 e 20 socios e socias debatemos unha orde do día formada polos seguintes puntos:

1. Memoria das actividades realizadas o ano anterior

A presidenta presentou o informe de actividades de 2004, explicando de forma detalla-

da os aspectos máis salientables, como os problemas de xestión que provocaron a non-concesión de axudas por parte da Dirección Xeral de Política Lingüística durante este período; a negociación con esta mesma Dirección dun convenio de colaboración que lle vai permitir á CTNL dispor neste 2005 de 9000 euros anuais para financiar as súas actividades, ou as negociacións -infrutuosas- coa EGAP para organizar conxuntamente formación de interese para nós.

2. Estado de contas

A tesoureira presentou o informe económico

de 2004 e a proposta de altas e baixas do mesmo período. A Asemblea aproba por unanimidade considerar baixas a 10 socios con dúas ou máis cotas anuais pendentes, polo que o número total de persoas asociadas o día 31 de decembro é de 113.

3. Renovación de cargos na Xunta Directiva

Os vogais Xoaquín Vázquez Rodríguez e Moisés Barreiro Comedeiro presentaron a súa dimisión por razóns persoais, a cal foi aceptada pola Asemblea. Para os postos vacantes elixiuse por unanimidade a Rosa Moreiras Cuñarro e a Ana Domínguez Salgado.



(Segue na páxina seguinte)

Nace Xarmenta, un novo pulo para a lingua propia do Bierzo Oeste

Esta primavera, ó tempo que agromaban as viñas e a folla volví cubrir as chopeiras, xermolaba alén de Pedrafita un novo colectivo para traballar a prol da dignificación, promoción e normalización da lingua galega. A Asociación Berciana da Lingua "Xarmenta" nace coa idea de pór un tixelo máis no traballo que nos últimos anos veñen realizando a Mesa pró Defensa do Galego do Bierzo, a Escola de Gaitas de Vilafranca, a Comisión Cultural Martín Sarmiento ou Fala Ceibe. Nos últimos anos, en virtude dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Junta de Castilla y León, estase introducindo a lingua galega no sistema educativo da zona galegófona do Bierzo. Hoxe cóntase cuns cincocentos alumnos en Primaria, un número menor mais en constante crecemento en Secundaria e estudos de galego na Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada. Un grupo destes profesionais xunto cunha variada representación da sociedade berciana, entre a que se contan médicos, administrativos, traballadores do sector primario, sindicalistas ou activistas culturais, son os que se xuntaron para crear Xarmenta co obxectivo de procurar a melloría do status da nosa lingua centrándose nomeadamente no eido do ensino pero sen renunciar a atanguer o resto da sociedade.

Dada a proximidade do Día das Letras Galegas, a asociación centrouse na organización de actos para festexar unha data tan sinalada. Neste senso, os pícaros de Primaria puideron asistir os días 9 e 10 de maio á proxección da película P3K Pinocho 3000, cedida pola produtora Filmax. Pola súa banda, os de Secundaria assistiron a unha representación teatral composta por catro pequenas pezas montadas polo grupo non profesional berciano Vagalume. Estas obríñas baseábanse en textos de Suso de Toro, García Lorca e mesmo de María Xosé Montero, integrante de Vagalume. A esta actividade asistiron os alumnos que seguen o programa de ensinanza en lingua galega dos tres institutos que o ofertan (Padre Sarmiento de Vilafranca, Bergidum Flavium de Cacabelos e Europa de Ponferrada) xunto cun grupo de estudantes do IES Martaguisela do Barco. Deste xeito, tiveron oportunidade de coñecerse persoalmente valdeorreses e bercianos xa que durante o curso estívéronse cartearando en galego. Todo isto tivo lugar no Centro Cultural de Caja España en Ponferrada. Neste mesmo lugar, entre os días 9 e 13, púidose visitar unha exposición sobre Castela cedida polo Concello de Pontevedra.

Tamén se celebrou un acto o propio Día das Letras no cine Faba de Cacabelos para os alumnos do IES Bergidum Flavium e do colexio Virgen de la Quinta Angustia. A actividade consistiu na proxección de curtametraxes e dun vídeo sobre Lorenzo Varela, representacións teatrais a cargo de escolares e actuacións de grupos de gaitas.

Por outro lado, organizouse unha excursión a Pontevedra que, por desgraza e por imperativos económicos, non puido

ser de máis dun día. Os alumnos que participaron nela, dos tres institutos bercianos devanditos, foron moi cariñosamente recibidos tanto polo alcalde como polo director do IES Torrente Ballester. Ademais tiveron a oportunidade de percorrer a Ruta Sarmiento pola cidade vella pontevedresa, dada a indubidable relación desta figura ilustrada con Pontevedra e Vilafranca; de coñecer o incomparable marco do lago de Castiñeiras e a súa mámoa, e de tomar un baño na praia da Lanzada, algo polo que sempre devecen os que veñen do interior.



Ademais representantes dos distintos colectivos bercianos a prol do galego, entre os que tamén se atopaba Xarmenta, participaron con motivo do Día das Letras nun faladoiro dunha hora de duración, realizado integramente en galego, na emisora Onda Bierzo-Punto Radio. Este colectivo tamén participou no IV Banquete de Cacabelos, comida de irmandade entre os defensores da cultura propia do occidente berciano que organiza anualmente o foro Arraianos. O banquete vai precedido sempre por un acto de homenaxe ó poeta Antonio Fernández e Morales no cemiterio de Cacabelos. Este ano incluíu tamén a presentación dun mapa dos territorios de lingua galega realizado por Ramón Pais.

Todas estas actividades, xunto coas organizadas polas outras organizacións, tiveron unha gran repercusión na prensa (Diario de León, El Mundo-Crónica de León, Bierzo 7 e os virtuais Diario del Bierzo e Bierzo al día) e na televisión e radio locais, e obtiveron a colaboración de entidades como Caja España ou o Consejo Comarcal del Bierzo, o órgano rector desta comarca autónoma. Respecto do Consejo, cómpre sinalar que

publicou con motivo do Día das Letras unha declaración institucional de apoio á lingua galega na que manifestaba a intención de lle facer mención na próxima reforma da lei da comarca. Non esquezamos que o Estatuto de autonomía de Castilla y León xa fai referencia ó galego desde a reforma de 1999. O apoio do Consejo tamén se reflectiu no acto de presentación de Xarmenta coa presenza da alcaldesa da Veiga de Valcarce, coñecida defensora do galego que xa fixo intentos de o oficializar no seu municipio.

Xarmenta, polas propias présas derivadas da proximidade do Día das Letras e a necesidade de enfocar os esforzos cara a el, ten aínda unha presenza precaria na rede. Pódese consultar o seu sitio web no enderezo <http://www.xarmenta.tk>, aínda que nesta altura do mes de maio aínda está en construción.

No lado negativo, só debemos comentar a asunción da necesidade de responder publicamente ó ataque á galeguidade do Bierzo Oeste efectuada pola Unión del Pueblo Leonés e pola súa sección xuvenil, Conceyu Xoven. Neste senso, uniu a súa voz á de colectivos como Fala Ceibe; á de partidos como o PSOE, o PP, IU ou o Partido del Bierzo; á dos cidadáns que se pronunciaron persoalmente, e ata á do propio goberno autonómico, que se reafirmou na súa intención de ofrecer ensinanza en galego sempre que haxa demanda e que recoñeceu tanto a existencia do galego no Bierzo como o crecente número de persoas que o queren aprender. Xarmenta afirmou a inequívoca galeguidade cultural da zona e expresou o seu desexo de que a lingua e a cultura ficasen alleas á loita partidaria.

Como próximos obxectivos, podemos sinalar o establecemento dun premio anual que se lle entregaría a persoas ou institucións da comarca que se significasen na defensa do galego; a implantación dos programas de ensino en lingua galega en máis centros (o ano vindeiro vaise incorporar un novo colexio e, probablemente, outro instituto, ambos os dous en Ponferrada); a creación dunha imaxe corporativa; a colaboración con outras asociacións con fins similares, con centros de ensino acollidos ó devandito programa e con institucións da comarca; a organización de novas actividades dirixidas tanto ó mundo educativo como á sociedade en xeral, etc.

Tendo en conta a especial situación do galego na zona, Xarmenta, malia a aceptar o disposto pola Real Academia Galega no referente á normativa, pretende tamén apoiar e dignificar as variantes dialectais autóctonas. Neste senso, o propio nome da asociación fai referencia ás vides que quedan no chan tras a poda. Deste xeito, Xarmenta fai entroncar o seu nome cun dos piares económicos do Bierzo: o viño.

M. Barreiro

(Vén da páxina anterior)

4. Actividades previstas para o ano 2005

A presidenta presentou o informe de actividades proposto pola Xunta Directiva para o ano 2005, no que destacan fundamentalmente tres bloques de actividade: a proposta de formación, o redeseño e reestruturación dun novo sitio web e a elaboración dun estudo sobre a situación dos servizos lingüísticos en Galiza e dos perfís profesionais dos traballadores de normalización lingüística.

Como proposta de formación a Xunta directiva presentou cinco actividades, entre as cales a Asemblea decidiu por maioría que se desenvolvesen as tituladas "Ensinando a ensinar: o deseño de programas e actividades de formación" e "Deseño e aplicación de ferramentas de análise sociolingüística".

Ademais, decidiuse tamén que a partir deste ano se poderían volver a ofrecer algúns cursos xa realizados en períodos anteriores pero que puideran seguirilles interesando aos socios, ben porque na primeira edición houbera máis solicitudes ca prazas, ben por tratar temas esenciais na formación, que poi-

dan ser interesantes para os novos asociados e asociadas. Para este ano 2005 a Asemblea decidiu que se organizase novamente o curso de "Dinámicas e técnicas grupais aplicadas á normalización lingüística", desenvolvido con grande éxito en 2004.

A conveniencia de reestruturar e redeseñar o web da CTNL foi xustificada pola presidenta, quen explicou os problemas de funcionamento que presentaba o web actual, e os inconvenientes que supoñían para a organización, que non podía aproveitar as vantaxes dese recurso para a organización e a difusión de actividades. A asemblea aprobou a proposta, así como o borrador de árbore de contidos que foi presentado polo secretario.

O proxecto de elaboración dun informe sobre a situación dos servizos lingüísticos en Galiza e unha proposta de perfís profesionais requiridos para os técnicos de normalización lingüística era unha vella aspiración da Coordinadora á que agora podemos enfrontarnos grazas ao convenio asinado coa DXPL. Un dos membros da directiva presentou o borrador e

o plan de periodización do proxecto, que se desagregará en tres anualidades (2005, 2006 e 2007) nas que se desenvolverían, respectivamente, a "Historia, evolución e análise da situación actual dos servizos de normalización lingüística", a "Proposta de servizos de normalización tipo e do perfil ou perfís dos seus traballadores" e as "Propostas de probas de acceso e temarios para as prazas de técnico de normalización segundo o tipo de entidades, servizos e perfís". A directiva expuxo tamén a imposibilidade de que un traballo coma ese se realice fisicamente dentro da Coordinadora, polo que propuxo a posibilidade de apoiarse en profesionais alleos que realizasen o groso do labor de compilación e análise da información, ficando a CTNL como coordinadora e responsable do produto ou produtos finais que se elaboren.

A Asemblea non só aprobou a realización deste informe, senón que optou por sinalalo como a liña prioritaria de traballo, instando á Xunta Directiva a reservar nos orzamentos anuais as cantidades económicas necesarias

para poder levalo a cabo, limitando -se é preciso- a actividade doutras áreas.

Na rolda final de intervencións debateuse a conveniencia de que a CTNL intente abrirse a outros colectivos profesionais que tamén realizan labores de "normalización lingüística", nomeadamente os membros de equipos de normalización lingüística de centros de ensino. As reticencias expresadas por algúns dos asistentes, baseadas no argumento de que unha entrada abondosa de novos socios con ese perfil concreto podería facer que a acción centrada nos traballadores de servizos lingüísticos pasase a ser secundaria, fixeron que non se tomase ningunha decisión ao respecto. Unicamente se lle encomendou á Xunta Directiva estudar con máis detalle esta posibilidade, convocando, se for preciso, unha asemblea extraordinaria para debatela polo miúdo.

Par todo isto -que non é pouco- deron de si as dúas horas e cuarto que durou a nosa asemblea anual ordinaria. Como podedes ver -os que non viñestes, os que estabades alí xa o sabedes- rendibilizamos ben o tempo.

Campaña de normalización da lingua na Administración de xustiza: a palabra da lei

Ao fio da aprobación do Plan xeral de normalización da lingua galega e a súa posterior concreción en medidas reais, a **Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia (AFNLG)** promoveu nos últimos meses unha ambiciosa campaña de galeguización nos nosos órganos xudiciais. Esta campaña leva por título *Palabras de lei. Galeguizar Galicia* e baséase no compromiso de traballaren en galego dun bo número de membros da comunidade xudicial.

Desde o seu nacemento, en 1984, a AFNLG leva realizadas numerosas iniciativas a prol da mellora do status da lingua galega. Un pequeno exemplo do seu labor continuado é a organización de varias xornadas sobre lingua e Administración, a publicación da *Revista de Administración Galega*, a colaboración nos Premios Lois Peña Novo —que galardoa o labor dos traballadores públicos que contribúen á normalización do galego— e numerosas campañas informativas (*¿Como te chamas?, O galego na Administración de Xustiza* ou *A empresa en galego*) e de concienciación lingüística. Nesta última vertente debemos salientar unha das máis recentes: *A normalización da lingua galega no corpo nacional de Policía*. Consistiu nunha declaración conxunta de diversos sindicatos e asociacións do ámbito policial e a AFNLG, na que se comprometen a iniciar e apoiar un proceso de aumento do uso do galego no seo da Policía, a ter especialmente en conta os dereitos lingüísticos dos cidadáns, ou a prestar atención ao uso correcto da toponimia, entre outras accións. A declaración completábase con modelos documentais, textos informativos sobre lexislación lingüística e mesmo un libro de contos.

Pois é tamén na xeira da concienciación e do compromiso coa lingua propia na que se encadra a nova iniciativa desta asociación, *Palabras de lei. Galeguizar Galicia*. Nela, arredor de trinta xuíces, maxistrados, fiscais e secretarios xudiciais asumen o compromiso firme de iniciar os procedementos xurisdiccionais sempre en galego para paliar o ocultamento da lingua galega, que é un dos principais problemas que destaca o texto do Plan xeral

de normalización da lingua galega para o uso do noso idioma en moitos ámbitos da vida cotiá. Daquela, estes funcionarios xudiciais involucranse en rachar esta tendencia e informarán sobre a validez legal e mesmo da conveniencia do uso do galego na Administración de xustiza. Desta maneira, preténdese que os destinatarios do labor dos axentes xurídicos se decaten mellor dos seus dereitos lingüísticos e se sintan arroupados usando a súa propia lingua.

Para levar adiante todo este proceso de normalización lingüística na Administración de xustiza, é necesaria a colaboración das dúas consellarías que teñen competencias nestas materias: Educación, como responsable do labor de política lingüística, e Xustiza, que xestiona a Administración xudicial.



Modelo de documento en galego do programa de tramitación procesual *Libra* (caderno de documentos da xurisdición penal).

Xa que logo, os respectivos conselleiros asinaron un acordo de colaboración permanente co fin de facilitar o máximo posible os compromisos asumidos polos axentes xurídicos. Entre as achegas das dúas consellarías están a tradución do programa de tramitación xudicial *Libra* ao galego (neste momento hai uns 750 documentos traducidos), o asesoramento dos servizos lingüísticos das audiencias provinciais e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia aos participantes neste proxecto ou a redacción dun manual de estilo.

Finalmente, para dar a coñecer esta iniciativa, realizouse un acto de presentación o 4 de maio no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela, presidido polo presidente de Xunta. Neste acto participaron Xaquín Monteagudo, como presidente da AFNLG, Carlos Varela, fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Jesús Souto Prieto, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e José Antonio López García, presidente do Consello da Avogacía Galega. Este último representaba outro dos bandos da relación xurídica e manifestou o apoio e o compromiso do colectivo dos avogados galegos coa normalización da nosa lingua, que se plasmou nunha declaración asinada no III Congreso da Avogacía Galega (Ourense, decembro de 2004). A parte máis protocolaria do evento consistiu na sinatura do pertinente acordo entre as consellarías de Educación e Xustiza por parte dos respectivos conselleiros.

Este primeiro paso na tarefa normalizadora, a iniciativa da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e o compromiso inicial de trinta xuíces, maxistrados, fiscais e secretarios xudiciais, non é máis ca o punto de partida dun proceso que entendemos que debe procurar implicar progresivamente a maior parte, senón todos, os axentes xurídicos do país. Agardamos que a campaña sexa un éxito no seu desenvolvemento e que o exemplo inicial dos que agora participan nela sexa un aliciente para que outros moitos profesionais fagan xustiza traballando en galego.

Anxos Sobriño

Unha marca garantía de calidade O Galego, o mellor dos ingredientes

Para chupar os dedos, porque sabe que dá gloria, porque somos de Ames, porque é noso, porque usamos produtos galegos, porque usamos culler, porque nos gustan os amorosos, porque somos de Brión, porque usamos o garfo, porque nos gusta o chocolate, porque somos de Rois... e vivimos en Galiza e falamos galego

Este é o lema dunha campaña de fomento do uso do galego no sector da hostalaría que se está a levar a cabo nos concellos de Ames, Brión e Rois. Baixo o selo, en galego, da modernidade, calidade e uns materiais atractivos preténdense establecer redes de comunicación co sector da restauración que resulten rendibles no proceso de normalización da lingua e que, ao mesmo tempo, senten as bases para a continuidade dos cambios lingüísticos.

A iniciativa partiu do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames, desenvólvea a Cooperativa Tagen Ata, lingua e comunicación e encárgase do deseño o Estudio Aigha.

Nun primeiro momento, o destino da campaña era o Concello de Ames, mais, segundo se ía avanzando no deseño, parecía máis interesante a idea de estendela a outros concellos. Por unha banda abarataríanse os custos e por outra a campaña tiña unha proxección máis ampla. O feito de participaren estes tres concellos ten ademais outra vantaxe, desvincula a promoción da lingua dunha opción política determinada, pois cada un destes tres municipios está gobernado por opcións políticas diferentes.

Ecolleuse o sector da hostalaría polo seu especial vínculo coa comunicación e coas relacións interpersoais. Este sector é un referente para a cidadanía e, por este motivo, pode expandir os efectos da campaña ao conxunto da poboación.


O galego é unha vantaxe competitiva que os establecementos non deben desaproveitar: de cara á xente de fóra, permite dife-

renciar o produto e apreciar na oferta gastronómica unha autenticidade que se fai única, e de cara ao conxunto da cidadanía galega en xeral e destes tres concellos en particular —a inmensa maioría da clientela—, o noso idioma achega un valor de normalidade, de proximidade e de aprecio polo propio.

Con esta campaña preténdese apoiar a galeguización dos establecementos considerando que a nosa lingua vai ser un elemento de modernización e un valor engadido na promoción do sector. Ofrecénselles aos establecementos os apoios necesarios para a súa galeguización, dentro dun proceso máis amplo de mellora da imaxe e da calidade dos seus servizos: portamenús; cartas co menú do establecemento en tres idiomas (galego, castelán e inglés); adhesivos coa imaxe e o lema da campaña; diplomas acreditativos de adhesión á campaña; gardamanteis... Toda unha serie de materiais útiles e atractivos que procurarán o achegamento da hostalaría en galego de tres concellos á nosa cidadanía e a calquera persoa que se achegue a eles.

Agora só queda o que xa tiñamos garantido: que nos preste.

Rosa Moreiras Cuñarro
SNL do Concello de Ames



Premio a artigos xornalísticos normalizadores. Concello de Carballo 2005

Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2005

O Concello de Carballo, a través do seu Servizo de Normalización Lingüística e en colaboración con La Voz de Galicia, Diario de Bergantiños e Galicia Hoxe, convocou este ano 2005 a primeira edición do Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo cos obxectivos de promover a reflexión sobre a situación social da lingua galega, de crear espazos nos xornais para analizar a situación da nosa lingua e de promover o uso do galego na prensa escrita.

O obxectivo de promover a reflexión sobre a situación social da lingua galega podía cumprirse simplemente convocando o premio, mais para cumprir os outros dous obxectivos era necesaria a colaboración e implicación dos xornais. Deste xeito, desde o Concello buscou a colaboración dos dous xornais de maior difusión na comarca de Bergantiños e con redacción propia en Carballo, La Voz de Galicia e Diario de Bergantiños, e tamén do Galicia Hoxe, único xornal en papel redactado integramente en galego. Desde o primeiro momento os tres xornais se implicaron e colaboraron activamente na difusión do premio e os tres se comprometeron a publicar os dous artigos gañadores.

Os artigos presentados debían ser inéditos e neles debíase tratar calquera tema relacionado coa defensa e promoción da lingua galega, co seu status, coa normalización lingüística en xeral ou nalgún sector ou ámbito determinado, coa lexislación e os dereitos lingüísticos, etc., e debían ter entre 3.500 e 4.500 caracteres con espazos incluídos.

Esta primeira edición do premio tivo moi boa acollida e a el presentáronse 28 artigos, unha cifra moi satisfactoria tendo en conta que se tratou da primeira convocatoria do certame e o que demostra que entre a poboación interesa reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e interesa a súa defensa e promoción.

Para avaliar os traballos e escoller de entre eles os gañadores pensouse nun xurado diverso que

representase diversos ámbitos da sociedade implicados na promoción do galego. Deste xeito contou con Xosé Ramón Freixeiro Mato (lingüista e profesor da Universidade da Coruña), Mercedes Queixas Zas (mestra e secretaria xeral da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega) e Xabier Cid Fer-

nández (xornalista e responsable da sección Galego.org do xornal dixital Vieiros).

O xurado considerou a idea de convocar este Premio como moi boa e tamén moi necesaria, e que cumpriu ben os obxectivos propostos. O xurado tamén considerou que a calidade dos traballos presentados foi alta e a temática diversa. Logo das súas deliberacións acordou por unanimidade concederlle o primeiro premio –dotado con 500 ? e a publicación nos xornais colaboradores– ao artigo «Avó, avó! Mira o arco da vella», de Olga Patiño Abeixón, e o segundo premio –dotado con 150 ? e publicación– ao artigo «A lingua galega na boca do novos galegos», de Xurxo Fernández Carballido. O artigo gañador trata da transmisión familiar da lingua e foi publicado o domingo 22 de maio nos xornais colaboradores. O artigo que recibiu o segundo premio analiza a importancia da integración lingüística da inmigración para a normalización da lingua e foi publicado o sábado 21 de maio. Ambos os artigos poden consultarse na rede nas hemerotecas electrónicas de La Voz de Galicia (na edición Carballo) e do Galicia Hoxe (en opinión).

Para cumprir ben os obxectivos que os convocantes do Premio se propuxeron, xunto coa entrega de premios tamén tivo lugar unha conferencia para analizar a situación do galego nos medios de comunicación e para promover o uso do galego na prensa. Para isto contou con Anxo M. Lorenzo, profesor da Universidade de Vigo e director do estudo «A lingua galega nos medios de comunicación», dentro do informe O proceso de normalización do idioma galego, desenvolvido polo Consello da Cultura Galega.

Desde o Concello de Carballo existe o compromiso de convocar este Premio anualmente e de intentar implicar a un maior número de xornais nas vindeiras edicións.

Nel Vidal Barral
SNL Concello de Carballo



REAL: a realidade que precisamos

Hai pouco máis dun ano comezaron a abrirse en Pontevedra as portas para o espallamento e a coordinación das actividades relacionadas co idioma: un proxecto impulsado pola Concellaría de Política Lingüística e mais unha dúcia de asociacións daba os seus primeiros pasos no medio de diversas xuntanzas e actividades planificadas desde elas -charlas e seminarios sobre toponimia, campañas en demanda máis galego nos medios de comunicación da cidade...-. Así, o 22 de abril de 2005 presentouse por fin pública e formalmente nun acto celebrado na emblemática Casa das Campás a **Rede de Entidades Amigas da Lingua (REAL)**.



REAL está concibida como unha rede aglutinadora de persoas e entidades cun interese común arredor da normalización do idioma galego e decididas a traballar solidariamente na ampliación do seu uso a todos os ámbitos da vida. É por isto que o seu espírito ten un carácter eminentemente plural e compóñena, de xeito máis ou menos equilibrado, representantes de todos os sectores sociais e cidadáns do concello de Pontevedra e a súa área de influencia -asociacionismo veciñal, de mulleres, cultural, educativo, deportivo, de comerciantes e empresarios, os colexios profesionais, sindicatos, as comunidades de montes...-

O traballo en rede de REAL constitúe unha nova maneira de enfocar o labor a prol da lingua baseado na colaboración, coordinación e cooperación, principios que descansan sempre sobre o sentir de comunidade que parece que vai esperando cada vez con máis azos na sociedade pontevedresa. A pesar de contar cunha aínda curta andaina, REAL tivo a súa primeira experiencia coordinadora no que se deu en chamar "*Maio, mes da lingua*", concentrando nun só programa de actividades as de todas as asociacións que a compoñen e que celebraron o "mes da lingua" con diversos actos. A finalidade: revitalizar e dinamizar a celebración das Letras Galegas para íla convertendo co tempo nunha verdadeira festa da lingua. O medio: coordinar e difundir tanto as actividades propias no devandito mes como as das entidades integrantes nun só programa para procurar a maior proxección e repercusión pública.

Doutra banda, REAL tamén pretende desenvolver iniciativas relacionadas co idioma tanto no

eido formativo e informativo como no lúdico e recreativo. Deste xeito, estase a elaborar un programa de actividades se estreará co novo curso e outorgarase o premio Xoán Manuel Pintos de recoñecemento ao labor de promoción do uso do galego a persoas, empresas, asociacións ou entidades tanto pontevedresas como galegas. As actividades planeadas desde REAL enfócanse, como xa dixemos, cara a diferentes ámbitos e sempre teñen conta do espírito de pluralidade que caracteriza a Rede: celebración mensual de actos sectoriais contando coa presenza de personalidades relevantes no eido que toque tratar (xustiza, Igrexa, deporte, novas tecnoloxías, deporte, novas tecnoloxías, empresa, medios de comunicación...); organización de actividades formativas como cursos e conferencias sobre lingua, historia, literatura, toponimia, novas tecnoloxías, dinamización de asociacións...; realización de roteiros de coñecemento da historia e patrimonio do concello e da comarca, viaxes de intercambio cultural por Galiza e Portugal e iniciativas encamiñadas a potenciar o coñecemento e a confraternidade entre as asociacións...

Temos a certeza de que con REAL estase a abrir un novo horizonte de posibilidades no traballo pola normalización lingüística, baseado na creación de espazos en común, en compartir ideas e experiencias e en crear ligazóns efectivas entre o individual e sectorial e o colectivo, tendo como leito a lingua e atopando na desembocadura unha limpa ría de recuperación dela en todos os ámbitos.

Marta Besada Otero

O CAMIÑO DAS PALABRAS, unha proposta de intervención lingüística e cultural para as actividades lúdico-formativas nos Centros Socioculturais

É unha proposta conxunta da Concellaría de Centros Socioculturais e da Concellaría de Política Lingüística do Concello de Santiago, que desenvolve a Cooperativa Tagen Ata.



O camiño das palabras é unha proposta lúdico-formativa dirixida a nenos e nenas de 8 a 12 anos.

No plano educativo e sociocultural preténdese proxectar os espazos dos Centros Socioculturais dotándoos dunha dinámica e identidade propias. Tamén se pretende enriquecer a formación dos axentes e dos usuarios e usuarias -monitorado e nenos e nenas- dun xeito lúdico e educativo. Preténdese contribuír á apertura dos Centros Socioculturais á sociedade, facendo da participación creativa e lúdica o obxectivo principal e intentando que o proceso de valoración destas dinámicas reforce a autonomía e a motivación de cada unha das persoas para se converteren en axentes activos do proceso de normalización da lingua.

No plano da intervención preséntase baixo dous modelos diferenciados polo tipo de colectivo ao que vai dirixida a actividade:

Obradoiro de formación para o monitorado responsábel das actividades dos centros socioculturais.

- Tecer redes lúdicas a través dos Centros Socioculturais e da participación do monitorado en proxectos colectivos.
- Incluír a sociolingüística entre os referentes da formación profesional dos traballadores e dos traballadores do tempo de lecer, a través da reflexión e da práctica sobre dinámicas lúdicas comúns.
- Reflexionar sobre a situación da lingua e o papel de proxectos de animación sociocultural na súa normalización, como transmisores de valores transversais.
- Introducir a reflexión sobre a situación da lingua e o papel dos traballadores e traballadoras da animación co obxectivo da normalización lingüística.
- Desenvolver as habilidades comunicativas orais no contexto actual desde a perspectiva da animación sociocultural: filtros, prexuízos, ...
- Crear espazos de lecer propios nos espazos locais galegos.

Obradoiro para os nenos e as nenas usuarios/as dos Centros Socioculturais.

- Introducir a sensibilidade sociolingüística e sociocultural a través do coñecemento da realidade máis próxima.
- Dar información sobre a complexidade das relacións sociedade-cultura-linguas.
- Fomentar o espírito crítico e a autonomía nos nenos e nas nenas á hora de gozar dos seus xogos.
- Favorecer as actitudes positivas cara á diversidade: lingüística, social e cultural.
- Tecer redes lúdicas e de participación individual de cada neno e de cada nena nas actividades que se desenvolven a través dos Centros Socioculturais.

A esencia do xogo radica en que os rapaces e as rapazas vaian recuperando a maxia de diferentes espazos do Concello de Santiago de Compostela e das diferentes actividades que ofrece a oferta de lecer dos Centros Socioculturais. Para isto construírán a súa identidade a través dun carné de identidade e dun taboleiro. Os rapaces e as rapazas durante o desenvolvemento do xogo levarán unha chapa identificativa que lles permitirá interactuar e recoñecerse con outros rapaces e rapazas do Concello que non son do seu mesmo barrio.

O fio condutor de todo o xogo será unha historia que se ligará ao Concello de Santiago de Compostela, aos diferentes lugares onde están ubicados os Centros Socioculturais e á oferta de lecer existente neles... Os rapaces e as rapazas integraranse na historia coa identidade propia que lle dá o carné de identidade e resolverán e botarán man do taboleiro para botar unha man e resolver os diferentes conflitos e problemas que irán aparecendo. Terán que recoñecer elementos para o xogo e do xogo nos diferentes obradoiros que queiran integrarse dentro da oferta dos Centros Socioculturais incluída no proxecto "O camiño das palabras".

Olga Patiño Abeixón

Chega Norma lingüística e variación

Chega ás nosas mans en papel e en edición electrónica (dispoñíbel para a descarga no enderezo www.consellodacultura.org) *Norma lingüística e variación*. Constitúe a terceira entrega da "Serie Lingüística", que está integrada na colección Base do Consello da Cultura Galega e que dirixen os propios editores: Henrique Monteagudo e Rosario Álvarez. *Dialectoloxía e léxico* abriu esta serie de publicacións que continuaron os títulos *A estandarización do léxico* e *Norma lingüística e variación*. Este último volume recolle as reflexións sobre a integración das variedades lingüísticas na descrición gramatical presentadas por diferentes estudosos e investigadores no congreso "Variación e prescrición" que organizou o Instituto da Lingua Galega e tivo lugar na Universidade de Santiago de Compostela entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003.

Ábrese o volume coas achegas de tres lingüistas que forman parte dos equipos responsábeis da redacción das máis recentes gramáticas do español (Violeta Demonte), do catalán (Joan Solà) e do portugués (Inês Duarte) e mais co traballo presentado polo equipo que está a redactar o que será a gramática da Real Academia Galega (constituído por Rosario Álvarez, Francisco Cidrás, Ernesto González Seoane, Xosé Luís Regueira e Xosé Xove). O volume continúa coa presentación dos traballos doutros especialistas galegos que participaron e participan no proceso de definición do noso estándar lingüístico.

As reflexións sobre a lingua oral e o seu estándar corren a cargo de Xosé Luís Regueira e as que teñen que ver coa prosodia da lingua son abordadas pola profesora Elisa Fernández Rei nun momento no que contrasta a relativa fixación da norma escrita cun considerábel atraso na elaboración do estándar oral ao que cada vez se lle dá máis importancia, xa que se trata dunha ferramenta de traballo diaria de moitos medios de comunicación que ao mesmo tempo constitúen un referente social.


Sobre as relacións entre norma e as diferentes variedades lingüísticas que serven de base para a súa elaboración versan traballos coma "Do uso á norma, da norma ao uso", de Henrique Monteagudo; Serafín Alonso Pintos ofrécenos un estu-

do sobre corrección ortográfica e gramatical no artigo "Escribir e prescribir. Variación e prescrición ortográfica e gramatical da lingua galega"; Rosario Álvarez reflexiona sobre "A definición dun estándar sintáctico: problemas, cautelas, límites" e Francisco Cidrás fálanos de "A sintaxe na gramática: problemas de descrición e problemas de prescrición".

Tamén teñen cabida as voces de investigadores e investigadoras emerxentes á par daquelas máis asentadas que están a traballar agora sobre diferentes aspectos da problemática da variación e da prescrición e que neste caso afondan en reflexións máis puramente ortográficas e gramaticais. Concepción Diéguez, Soraya Domínguez, Belén López e Fátima Rodríguez traballaron sobre os criterios de uso de maiúsculas e minúsculas na nosa lingua; Luz Cures, Xesús Manuel Mosquera e Marta Negro falan dos problemas na identificación e acentuación das interrogativas indirectas. Francisco Dubert reflexiona sobre a vogal temática verbal da terceira conjugación nos adxectivos en -NTE; Larisa Santos expón a situación na que se atopa o infinitivo respecto do estándar morfolóxico, Bieito Silva estuda converxencia e diverxencia entre estruturas morfosintácticas do galego, Isabel Vaquero trata a corrección lingüística nas cláusulas de relativo e Xosé Xove indaga sobre algúns problemas de uso das unidades verbais simples e perifrásticas.

Para rematar hai que facer notar que a xénese destes traballos, e en definitiva, desta publicación está estreitamente ligada ás inxerencias que está a suscitar o estudo da variación sociolingüística sincrónica en todos os seus parámetros (tanto territorial coma social e funcional), ante unha tentativa de integrar a descrición nos modelos gramaticais e de enxergar a fronteira entre descrición e prescrición, deixando de lado os modelos de gramática puramente descritiva. A intención é a de fornecer unha descrición lingüística máis axustada á realidade; unha realidade na que progresivamente vai cobrando importancia o modelo oral da lingua.

Elisa González Rosendo



PROGRAGA PROVISIONAL IX ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

20 e 21 de outubro de 2005

Aula de Cultura Caixa Galicia

ORGANIZA

Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia

COLABORA

Coordinadora de Traballadores/as para a Normalización da Lingua

COMITÉ ORGANIZADOR

Henrique Monteagudo Romero (presidente)
Manuel Bermúdez Blanco
Concepción Cochón Rodríguez
Antón Santamarina Fernández
Goretti Sanmartín Rei

COORDINACIÓN

Susana Mayo Redondo

OBXECTIVOS

- a) Crear un foro de análise sobre a política lingüística en Galicia e a súa implementación
- b) Contribuír á formación de especialistas en sociolingüística galega
- c) Constituír o punto de encontro, reflexión, análise e debate das persoas que desenvolven o seu labor profesional nos diferentes servizos lingüísticos

DESTINATARIOS

- Persoal dos servizos de normalización lingüística e servizos de tradución das diferentes administracións galegas
- Persoas que realizan funcións semellantes nas entidades privadas
- Investigadores/as especializados en sociolingüística galega
- Xestores lingüísticos
- Estudantes de filoloxía galega
- Persoas interesadas en xeral

PROGRAMA

XOVES 20

9:30 h
ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

10:00 h
INAUGURACIÓN DOS ENCONTROS

Sesión 1

10:30 h
CONFERENCIA
Presentación das liñas programáticas da Xunta de Galicia en materia de política lingüística.

11:30 h
COLOQUIO

12:00 h
PAUSA-CAFÉ

12:30 h
CONFERENCIA
O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega: aspectos operativos.

13:30 h
COLOQUIO

14:00 h
XANTAR

Sesión 2

17:00 h
RELATORIO
A coordinación de servizos lingüísticos: unha proposta actualizada de vertebración.

18:00 h
COLOQUIO

18:30 h
PAUSA

19:00 h
MESA DE TRABALLO
Funcións, actividades e posibilidades de colaboración entre os servizos lingüísticos das universidades galegas.

20:00 h
COLOQUIO

VENRES 21

Sesión 3

10:00 h
CONFERENCIA
A investigación sobre o galego e a súa aplicación á normalización lingüística: liñas prioritarias de actuación.

11:00 h
COLOQUIO

11:30 h
PAUSA-CAFÉ

12:00 h
MESA DE DEBATE
As institucións da lingua: liñas de traballo cara á normalización lingüística.

13:00 h
COLOQUIO

13:30 h
XANTAR

Sesión 4

16:00 h
RELATORIO
A promoción da lingua galega no exterior: análise e propostas.

17:00 h
COLOQUIO

17:30 h
PAUSA

18:00 h
RELATORIO
Presentación da institución para a promoción exterior da lingua e da cultura de Galicia.

19:00 h
COLOQUIO

19:30 h
CLAUSURA DOS ENCONTROS

INSCRICIÓN

A inscrición realizarase exclusivamente a través do formulario habilitado no web do CDSG.

A cota é de 6 euros e aboarase mediante transferencia bancaria á conta de Caixa Galicia 2091-0300-47-3110063172.

A inscrición non será efectiva ata a recepción do xustificante de pagamento.

Entregarase diploma acreditativo de participación nos Encontros, emitido polo Consello da Cultura Galega.

Para acadar o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións ordinarias.

O número de prazas é limitado. As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Prazos de inscrición

1º prazo: exclusivo socios da CTNL (ata o 15 de setembro)

2º prazo: aberto a todas as persoas interesadas (desde o 16 de setembro ata o 10 de outubro)

Convenio coa Dirección Xeral de Política Lingüística

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e mais a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua para colaborar no desenvolvemento de actuacións de normalización lingüística.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2005

REÚNENSE:

- Dunha banda, o Excmo. Sr. D. Celso Currás Fernández, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en nome e representación da Consellería que actúa de conformidade co disposto no art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e no Acordo do Consello da Xunta, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e de colaboración con particulares, que se publicou por Resolución, do 8 de abril de 1991, da Consellería de Economía e Facenda (DOG do 30 de abril de 1991).
- Doutra banda, a Sra. D.ª Concepción Cochón Rodríguez, con DNI 35.320.637C, presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, con CIF G-15542897, elixida presidenta mediante acordo da Asemblea Xeral ordinaria do 16 de febreiro de 2002, que actúa no nome e en representación da devandita entidade de acordo co establecido no artigo 31 dos seus Estatutos.

EXPOÑEN:

- Que ambas as entidades son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se reconece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma e que adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua. Que, así mesmo, son conscientes da responsabilidade que todas as institucións teñen de colaborar nesta tarefa.
- Que a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (en adiante CTNL), que conta na actualidade con 114 asociados/as, é unha entidade de sen ánimo de lucro e ámbito autonómico, que ten por finalidade a defensa dos intereses xerais dos traballadores e traballadoras de normalización lingüística de Galicia e a súa formación, así como a promoción da lingua en todos os ámbitos da sociedade galega. Que neste sentido tamén colabora con outras entidades e institucións tanto públicas como privadas que teñen como finalidade a promover e fomentar a lingua galega.
- Que, para un mellor cumprimento dos seus obxectivos en relación co sector que representa, vén desenvolvendo o seu labor con iniciativas diversas, tales como: elaboración e realización de estudos, análises e propostas; actividades de formación continua para os profesionais nela integrados e actuacións divulgativas e informativas. Que a CTNL tamén realiza labores de coordinación e orientación entre os diversos servizos de normalización que traballan noutras institucións ou entidades galegas, así como con outros profesionais do sector de fóra de Galicia.
- Que a CTNL é consciente do importante labor que levan a cabo os profesionais que traballan a prol da normalización lingüística e, polo tanto, da importancia de poñer en marcha accións para mellorar e facer máis efectivo o seu traballo. Que, neste sentido, presenta unha proposta á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (en adiante a Consellería de Educación) sobre un programa de actuacións para os traballadores dos servizos de normalización da lingua galega.
- Que ambas as entidades, que teñen intereses comúns e coincidentes no relativo a normalizar e promover a lingua galega, tendo en conta os resultados frutíferos e as vantaxes que para estes fins terá a súa colaboración, manifestan a súa vontade de traballar conxuntamente no desenvolvemento de actuacións en materia de normalización lingüística.

Polo exposto, as dúas entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2005 que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira. A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación e mais a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua para colaborar durante o ano 2005 no desenvolvemento dun programa de actuacións en materia de normalización lingüística.

Segunda. Mediante a sinatura do presente convenio a CTNL, comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións:

- Proxecto para realizar a primeira fase dun estudo sobre o perfil profesional dos técnicos de normalización lingüística que prestan servizos en distintas entidades e institucións galegas, coa finalidade de harmonizar as tarefas básicas que deben desenvolver, categoría laboral, proceso selectivo, temarios, etc. Esta primeira parte analizará a historia, evolución e análise da situación actual dos servizos de normalización lingüística.
- Accións de formación continua dos/as técnicos/as de normalización lingüística mediante o desenvolvemento de cursos sobre técnicas aplicadas á normalización, á formación a través do asesoramento, deseño de programas e actividades de formación, lexislación, deseño e aplicación de ferramentas de análise sociolingüística e técnicas e dinámicas grupais. Atendendo a estes contidos realizáranse, como mínimo, dúas actividades.
- Edición e publicación semestral do boletín Novas CTNL.
- Creación dun sitio web da CTNL coas tecnoloxías máis punteiras.
- Colaborar na execución do Plan de Normalización Lingüística.

A CTNL encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas no presente convenio, así como facilitar o persoal, infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

Terceira. A Consellería de Educación, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística (en diante a DXPL), comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, á CTNL o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades do presente convenio.

Cuarta. O orzamento das actividades previstas no presente convenio ascende a un total de **once mil euros (11.000 euros)**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Educación, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística (en diante DXPL), colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio, cunha achega de **nove mil euros (9.000 euros)**, con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005.
- A CTNL achegará a cantidade restante de **dous mil euros (2.000 euros)**

Para percibir a correspondente achega da Consellería de Educación, a CTNL entregará na DXPL a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa de que as actuacións foron realizadas de conformidade co previsto neste convenio, coa que se achegará a xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizaráse, de ser o caso, mediante certificación detallada ou facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Economía e Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería diminuirase proporcionalmente.

A Consellería de Educación resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do convenio.

Quinta. Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levar a cabo de acordo coa normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego, segundo o establecido na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Sexta. Nas actuacións informativas e divulgativas e publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste conve-

nio farase constar nun lugar destacado a colaboración da Consellería de Educación, a través da DXPL, e usaranse para iso, cando proceda, os anagramas aprobados pola normativa de imaxe corporativa da Xunta.

Sexa cal sexa o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e do presente convenio.

Sétima. O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2005, agás que sexa resolto, por escrito, por algunha das partes por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen.

O convenio poderá prorrogarse mediante a subscripción da correspondente addenda, consonte ás necesidades que preveñan as partes.

Oitava. Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio creárase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da DXPL nomeados polo seu titular e dous representantes da CTNL. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da DXPL, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Novena. O presente convenio resolverase:

- Por incumprimento, total ou parcial, dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado, sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Educación pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décima.- A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningún tipo de responsabilidade adirecta, indirecta ou subsidiariaæ polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeira.- Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Ainda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, segundo especifica o seu artigo 3, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no devandito real decreto, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación oitava.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, este convenio asínase por triplicado, no lugar e data anteriormente citados.

O conselleiro de Educación
e Ordenación Universitaria
Asdo.: Celso Currás Fernández

A presidenta da Coordinadora
de Traballadores/as de Normalización da Lingua
Asdo.: Concepción Cochón Rodríguez

Comunicados aos/ás socios/as: actividades para a volta do verán

- Trala excelente acollida do curso *Dinámicas e técnicas grupais aplicadas á normalización lingüística*, celebrado o pasado mes de novembro, a CTNL decidiu organizar unha nova edición pensando en todos os socios/as que quedaron na lista de agarda naquela primeira convocatoria. Como na primeira ocasión as sesións estarán impartidas polo lingüista e dinamizador social Xulio Noia Liste e terán lugar os vindeiros días **3 e 4 de outubro de 2005**. Volveremos a poñernos en contacto con todos/as vós para comunicaros o lugar, o horario e os prazos exactos de inscrición.

- Así mesmo, e como xa vén sendo habitual, a CTNL colabora tamén este ano co Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia na organización dos *IX Encontros para a Normalización Lingüística*, que se celebrarán os días **20 e 21 de outubro de 2005**.

Igual ca en pasadas edicións os socios/as da CTNL terán un **prazo exclusivo de matrícula (ata o 15 de setembro)**. Neste número achegámosche o programa provisional.

Os outros pormenores da inscrición iranse adiantando tanto no web do CDSG:

<http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg>

como no da CTNL

<http://www.ctnl.org>

Inauguración da Sociedade Galega de Terminoloxía (SGaT)

Na tarde do 8 de xuño, na sede do Consello da Cultura Galega, a Sociedade Galega de Terminoloxía (SGaT) organizou un acto para celebrar o inicio das súas actividades, logo da asemblea constitutiva do mes de xaneiro. Con este fin, a Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega e a SGaT organizaron unha conferencia da recoñecida profesora María Teresa Cabré Castellví, catedrática de Lingüística e Terminoloxía da Universitat Pompeu Fabra e actual presidenta da Asociación Española de Terminoloxía. Na súa intervención, titulada "Xestión terminolóxica das linguas minorizadas: presentación xeral e algúns apuntamentos sobre o galego", a conferenciante catalá debullou as características xerais do labor terminolóxico nas linguas minorizadas, con especial referencia ao caso do catalán, e finalmente concretouno nas particularidades do galego, nas súas eivas e nas súas oportunidades.

Este acto inaugural completouse coa presentación de diverso material informativo da asociación e do seu sitio web (www.terminoloxia.org), un portal que quere ser non só o punto de referencia e contacto para as/os asociadas/os, senón tamén para calquera persoa interesada no traballo terminolóxico galego. Malia ser aínda un web provisional, conta xa con numerosas seccións que lles permiten ás/aos visitantes coñecer os obxectivos e os estatutos da asociación, inscribirse como socios/os, formular consultas, estar ao día das actividades que se realizan e pro-



graman no seo da SGaT e acceder a ligazóns útiles para as/os terminólogos/os.

Con posterioridade a esta presentación, incorporóuselle a este web unha nova sección, **Termos a debate**, na que se inclúen fichas de termos sobre os que se discutiu na rolda de terminoloxía da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega:

<http://www.consellodacultura.org/interaccion/foros/terminoloxia.php>

Esta nova ferramenta fai posible consultar de xeito resumido e homoxéneo as diferentes propostas que se discutiron para un concepto. Ordenados alfabeticamente, cada termo remite a unha ficha na que se resumen as opinións xurdidas na rolda, se dan as equivalencias noutras linguas e se intenta concluír cunha proposta definitiva. As fichas realízanse voluntariamente membros da rolda de terminoloxía, de acordo cunha estrutura fixada con anterioridade para darlles homoxeneidade.

A próxima actividade que ten programada a SGaT, e que se anunciou tamén no acto inaugural, é un curso de ferramentas informáticas aplicadas ao traballo terminolóxico. Vai ter lugar en outono deste ano en Santiago de Compostela e pódese coñecer o seu programa, ou calquera outra información sobre esta nova asociación, visitando o sitio web:

<http://www.terminoloxia.org>

AIRA, asesoramento lingüístico



É unha empresa que xorde coa vontade de dar resposta ás necesidades lingüísticas, comerciais e sociais que o público galego está a demandar. Somos un grupo de lingüistas, todos e todas licenciados pola universidade de Vigo, especializados na corrección, tradución e elaboración de calquera tipo de textos, así como tamén en actividades de dinamización lingüística. O noso principal obxectivo é a revitalización do emprego da lingua galega e a corrección en calquera das actividades que a nosa sociedade demanda.

Dende AIRA, queremos ofrecer ao nosa clientela potencial a posibilidade de contar cun servizo lingüístico integral en galego e dende o galego que cubra todas as necesidades comunicativas que se lle presenten: publicidade, relacións comerciais, tradución, corrección, documentación interna, organización de cursos, etc. Ofrecémoslle tamén un asesoramento lingüístico continuo e personalizado, isto é, un seguimento que atenda as peculiaridades do seu sector. Contamos cun servizo de atención á nosa clientela as 24 horas do día de todos os días do ano por medio do noso correo electrónico ou por teléfono móbil.

Nacemos con vontade e ilusión, unida á nosa formación filolóxica recibida durante os anos de carreira e doutoramento, pretendendo ser un elo máis no proceso de normalización lingüística en que a nosa lingua está inmerso.

Ademais da experiencia persoal de cada un dos lingüistas que formamos AIRA dentro da terminoloxía, a lexicografía, a sociolingüística, a formación de adultos e o mundo editorial, a nosa empresa xa realizou traballos de corrección para entidades públicas (como a área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo) e privadas.

O enderezo do noso sitio web:

<http://www.aira-al.com>

O noso enderezo electrónico:
aira@alexandria.cc